

Patrocinan:

Colaboran:



XUNTA  
DE GALICIA

GADIS

músicos  
ao vivo

II Certame de canción de autor en galego 'Concello de Teo'

# BASES

2<sup>o</sup>

CERTAME  
DE CANCIÓN  
DE AUTOR  
EN GALEGO  
CONCELLO DE TEO



# BASES

O Concello de Teo, desde a Concellaría de Cultura e co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e de Gadis, organiza un certame para promover a creación de canción de autor/autora en galego e poñela en valor.

Os obxectivos principais son:

- Presentar unha mostra das creacións galegas de autoría propia.
- Ofrecer aos/ás cantautoras oportunidades para se daren a coñecer e desenvolveren así a súa carreira artística.
- Contribuír á normalización da lingua galega nun ámbito importante para a difusión do idioma.

O certame consiste nun proceso ao que se presentarán todas as persoas autoras e intérpretes de cancións en lingua galega que o desexen e que cumpran as bases esixidas na presente convocatoria. Posteriormente, farase un certame no que oito persoas finalistas (seleccionadas por un xurado cualificado) presentarán os seus temas.

O xurado concederá o premio principal, mentres que o público asistente votará e concederá dous accésits: un, á mellor canción; outro, á/ao mellor artista.

## 1. Participantes

Poderán participar todas aquelas autoras/autores **maiores de 15 anos** que compoñan e interpreten temas musicais vocais, inéditos e orixinais en lingua galega.

Os participantes non terán ningún disco editado profesionalmente. Tampouco contarán con ningún contrato asinado cun selo discográfico a nivel individual.

Admítense todos os estilos musicais.

O/a autor/a das cancións deberá ser quen as interprete. Poderá acompañarse dun instrumento ou, no seu defecto, permitirase o acompañamento dun segundo músico instrumentista.

Non poderán participar artistas que gañasen o primeiro premio do Certame de Canción de Autor de Teo en anteriores edicións.

En caso de non haber a suficiente participación, a dirección do Certame poderá suxerir menos de oito participantes para a final e modificar os tempos de actuación dos/das finalistas na mesma.

## 2. Inscripción

A inscrición será totalmente gratuíta.

O período de inscrición será do 29 de xaneiro ao 29 de marzo do 2015 ás 15h.

As bases e documentación para a inscrición descargaranse exclusivamente da web do Concello de Teo: [www.concellodeteo.com](http://www.concellodeteo.com).

As inscricións poderán entregarse de tres maneiras:

Correo electrónico: Enviando a información solicitada á dirección [certameautor@concellodeteo.com](mailto:certameautor@concellodeteo.com)

Correo postal: Enviando a información solicitada á seguinte dirección:

Concello de Teo  
Departamento de Cultura  
Certame de Canción de Autor en Galego  
Travesía da Ramallosa, n.º 38  
15883 - A Ramallosa, Teo (A Coruña)

Presencial: Entregando a información solicitada no Departamento de Cultura, no horario de 8h a 15h

O formulario solicitará os datos principais do autor/autora. Haberá que presentar:

- Currículo do/a artista e traxectoria artística
- Un vídeo, ou ligazón de vídeo onde o/a artista interprete unha canción orixinal, inédita e de autoría propia. Neste vídeo o artista terá que aparecer como solista ou, no seu defecto, acompañado dun segundo instrumentista.
- Participantes e instrumentos no evento: a/o artista cantará soa/só os seus propios temas acompañándose dun instrumento ou, se non toca un instrumento, poderá acompañarse dun instrumentista e soamente cantar.
- Declaración xurada (facilitarase o modelo): a) sobre a orixinalidade das letras e da música que se interprete na fase do concurso; b) sobre non posuír produción discográfica no mercado.
- Autorización escrita para gravar ou emitir os concertos que se realizarán o día do certame (facilitarase o modelo).
- Fotocopia do documento nacional de identidade no caso de cidadáns/ás españois/olas ou certificado de residencia no caso de cidadáns doutros países.
- Como información complementaria, poderán poñerse ligazóns a outros vídeos musicais, redes sociais, web, etc.

A organización comprobará que as persoas inscritas cumpran os criterios das bases.

### 3. Selección e xurado

Nomearase un xurado que seleccionará e comunicará, antes do 15 de abril do 2015, as/os oito participantes que pasarán á fase final que se celebrará o 25 de abril do 2015 no Auditorio da Ramallosa (Teo).

O xurado, que será cualificado e representativo, estará composto por:

- Un/unha artista musical de Galiza.
- Unha persoa da prensa musical especializada.
- Unha persoa en representación da área de cultura do Concello de Teo.
- Unha persoa da industria discográfica ou produtoras musicais.

O xurado encargarse de seleccionar as/os artistas participantes entre as inscricións recibidas. Aquelas que non teñan a información solicitada non serán admitidas.

A preselección consistirá nunha audición onde se avaliará o currículo dos artistas e se revisarán os vídeos solicitados de todos os/as artistas presentados.

O xurado valorará do 0 ao 5 os seguintes criterios:

- composición musical
- letra
- execución musical e vocal
- orixinalidade

Todos os criterios serán da mesma importancia e a suma resultante destas valoracións dará o resultado da selección dos/as oito artistas para a final do certame.

O requisito imprescindible para presentarse e para poder avaliar as persoas aspirantes será o uso da lingua galega no material achegado.

Con anterioridade á final, e unha vez feitas as audicións, o xurado porá en común e emitirá as súas valoracións co obxectivo de seleccionar as/os finalistas.

Inmediatamente, a resolución comunicáraselle aos/ás artistas seleccionados/as e farase pública.

Na fase final, o xurado verá en directo e valorará a actuación das/os participantes en función dos diferentes criterios mencionados con anterioridade para determinar o/a gañador/a do certame.

#### 4. Final do certame

O evento celebrarase no Auditorio da Ramallosa o día 25 de abril do 2015.

Cada solista poderá cantar dous temas cun límite máximo de 8 minutos para así presentar a súa proposta. Para os cambios de escenario entre artistas haberá un tempo de 3 a 5 minutos, no que unha persoa conducirá e presentará os artistas.

Os participantes comprométense a seguir as especificacións dadas pola persoa coordinadora do espectáculo (producción).

#### 5. Premios

Concederase un premio do xurado e dous accésits.

O premio do xurado constará dos seguintes agasallos:

- Gravación dun E. P. de catro ou cinco cancións, dun máximo de 25 minutos de duración. Farase con persoal técnico cualificado nos estudos Gourmet Sound da Coruña. A dita gravación contará co asesoramento técnico e artístico de profesionais mediante un plan de gravación que o/a artista se compromete a seguir e lle será entregado con anterioridade.
- Deseño gráfico do E. P. físico. A dirección do certame contará cun deseñador gráfico para que o/a gañador/a poida facer o deseño do E. P. no caso de que decida facer copias físicas; non obstante, o premio do certame non inclúe as ditas copias, cuxa realización será decisión e responsabilidade do/a gañador/a. A organización do certame unicamente poderá asesorar o/a artista sobre a maneira de publicación deste E. P. (edición con algún selo discográfico, distribución en internet, etc.).
- Inscripción por un ano como socio/a de Músicos ao Vivo (colabora a Asociación Galega de Músicos ao Vivo).
- Organización e promoción dunha xira de presentación por diferentes localidades galegas. Consistirá en cinco concertos (as datas e os espazos están pendentes de confirmación).

O premio do público consistirá en dous accésit:

- Accésit á mellor canción.
- Accésit ao/a mellor artista.

## **6. Sistema de votación do público**

- Cada persoa asistente terá unha entrada na que están impresos os nomes das persoas finalistas.
- Marcarase o/a artista coa mellor canción e o/a mellor artista.
- Rematadas as actuacións, recolleranse os votos do público.
- O recuento farase durante a deliberación do xurado.
- Finalmente, entregaranse os premios (accésits) ás/aos artistas máis votados polo público.

## **7. Cláusulas finais**

A organización resérvase o dereito de efectuar modificacións sobre estas normas para mellorar, corrixir ou atender a eventualidades que poidan darse no transcurso do proxecto.

A organización resérvase o dereito de modificar, suspender ou interromper este concurso por causas xustificadas ou que contraveñan o espírito do certame sen que disto poida derivarse ningunha responsabilidade.

A participación no certame implica a aceptación íntegra destas bases.

<http://www.xoancuriel.com/>



---

**Dirección artística**  
Xoán Curiel

**Producción**  
Mada Producións

**Prensa**  
Tátara Comunicación

**Deseño Gráfico**  
Pepe Xoga